
O COMEDOR DA AVOA

Texto de PILAR HURTADO

Ilustracións de LUISA RIVERA

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartonné. 24,5 x 21,5 cm. 44 páx. 16 €

[O comedor da avoa](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-171-0. Álbum ilustrado. MareMar.

[El comedor de la abuela](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-172-7. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[El menjador de l'àvia](#) (català)

ISBN 978-84-18558-55-9. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor.

A miña avoa herdou nove cadeiras. Foran da nai da súa nai, e todos na familia sentabamos alí, no seu comedor, a gozar dos manxares que as súas mans preparaban cada domingo.

O relato dunha tradición familiar, o tránsito dende a infancia e a adolescencia ao estadio adulto, e sobre todo, unha viaxe polo mundo e a gastronomía representativa de diversas culturas.

«O comedor da avoa» é unha historia que estimula os sentidos: os pratos entran pola vista, envolven cos seus aromas, espertan o apetito... e ademais deixan unha pegada imborrable na memoria emotiva, como lles ocorre aos protagonistas.

Dende a súa mirada infantil, non comprenden o efecto prazenteiro que causan nos maiores os manxares que cociña a matriarca da casa. Co tempo descubrirán que a súa comida ten a capacidade de transportalos mentalmente no espazo e mesmo facerlles perder a noción do tempo. Dende a fideuá do Mediterráneo ou o *ceviche* do Perú, ata o polo ao *curry* da India ou as enchiladas mexicanas, pasando polo *ramen* do Xapón ou o *risotto* italiano, entre outras especialidades culinarias. Un libro que resalta o valor de reunirse e compartir arredor da mesa; o acto de comer como unha experiencia para gozar. Un glosario final explica aspectos informativos sobre as elaboracións, anécdotas ou variedades de cada receita.

O texto de Pilar Hurtado, que literariamente remite ao realismo máxico, *marida* coas ilustracións de Luisa Rivera: os seus tons cálidos remítennos á proximidade do fogar, arredor do colorido dos ingredientes, e as súas paisaxes -con sorprendentes metáforas visuais- son escenarios intensamente vívidos.



■ **Temática:** o poder evocador da comida a través de pratos típicos de diversos países.

■ **Idade recomendada:** dende 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** gastronomía, comidas, aromas e sabores do mundo; viaxes, outras culturas; familia, crecemento, emocións, memoria emotiva, recordos; diversidade; realismo máxico.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-comedor-da-avoa-g>

Pilar Hurtado

(Santiago de Chile, 1966)


Xornalista, máster en literatura e diplomada en edición. Dende 2006 publicou varios libros de temática gastronómica: “Memorias de una golosa”, “Recetas al pie de la letra”, “Cocinar es fácil y entretenido” e “La olla creativa”, editado durante a pandemia pola Corporación polas cociñas de Chile Pebre, unha entidade da que é presidenta. Tamén dirixiu o Círculo de Cronistas Gastronómicos e do Viño de Chile e forma parte da Academia de Gastronomía de Chile. Actualmente colabora cos seus artigos en distintos medios do seu país, ademais de publicar recensións e críticas de restaurantes en @lacomensala.

Luisa Rivera

(Santiago de Chile, 1987)

Artista visual, establecida en Londres, formouse na Escola de Arte da Pontificia Universidade Católica de Chile, especializándose en ilustración no Minneapolis College of Art and Design. Ilustrou «Cien años de soledad» e «El amor en los tiempos del cólera» de Gabriel García Márquez, entre outros títulos. En 2020 recibiu a Medalla Colibrí de IBBY Chile ao mellor libro ilustrado. Participa en exposicións e realiza obradoiros de ilustración.

<https://www.luisarivera.cl/>



www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
